

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS REACTIVA AMES DIRIXIDAS Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS PARA O MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL.

EXPEDIENTE GD 9405/2021

Dende a Concellaría de Promoción Económica remítese proposta de bases reguladoras das axudas Reactiva Ames dirixidas á creación e consolidación de empresas para o mantemento do emprego e do tecido empresarial local.

Figura informe favorable conxunto de Secretaría e Intervención municipal (informe 389/2021)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. *Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas Reactiva Ames dirixidas á creación e consolidación de empresas para o mantemento do emprego e do tecido empresarial local”, que figuran como Anexo deste acordo procedendo a súa convocatoria.*

Segundo. *Aprobar o gasto por importe de 145.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2411.77000 do orzamento municipal do exercicio 2021.*

Terceiro. *Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP.*

As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

Cuarto. *Dar traslado deste acordo aos departamentos afectados aos efectos oportunos.*

Quinto. *Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

ANEXO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS REACTIVA AMES DIRIXIDAS Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS PARA O MANTEMENTO DO EMPREGO E DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL.

BASE 1.ª OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1. Obxecto e finalidade

O obxecto de estas bases é a concesión de axudas en concorrencia non competitiva aos emprendedores e empresas para o desenvolvemento empresarial e profesional, e, en particular, a súa creación, consolidación e/ ou ampliación da actividade no exercicio 2021.

A iniciativa encádrase dentro do programa Reactiva Ames. As axudas pretenden contribuír á revitalización do tecido empresarial de Ames que está sufrindo actualmente as consecuencias que tivo a declaración do estado de alarma, acordada polo Goberno en virtude do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado en sucesivas ocasións, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en todo o territorio nacional e, en concreto, no termo municipal de Ames.

Con estas axudas o concello pretende colaborar activamente no mantemento e a xeración de emprego no Concello de Ames apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais e o mantemento e pulo das empresas xa existentes, revitalizando a actividade empresarial e comercial en determinadas zonas que están a sufrir en maior medida as consecuencias da crise provocada pola Covid-19.

BASE 2.ª RÉXIME XURÍDICO

2.1. Regulación legal

As subvencións rexeranse, nos termos establecidos nos artigos 3 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, polo disposto nestas bases reguladoras; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009.

Así mesmo, considerarase o disposto nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2021.

Supleatoriamente, será aplicable a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo.

2.2. Réxime de minimis

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

2.3. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións reguladas nesta convocatoria realizaranse en réxime de **concorrencia non competitiva**, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.4. Publicación

As bases reguladoras destas subvencións publicaranse no portal de internet do Concello de Ames e no portal de transparencia, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, coa publicación iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

BASE 3.ª CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 145.000,00 € do vixente Orzamento Municipal de 2021, con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 2411.77000.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE 4.ª AMBITO TEMPORAL

A presente convocatoria estende os seus efectos dende o días seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, ata 30 de novembro de 2021 (data fin prazo xustificación).

O prazo para presentar solicitudes será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

BASE 5ª. ÁMBITO MATERIAL

A presente convocatoria resultará de aplicación para aqueles proxectos, actividades ou actuacións empresariais realizadas por promotores que sexan microempresas, pemes (entendendo como tais aquelas empresas que teñan un máximo de 250 traballadores e posúan un volume de facturación inferior aos 50 millóns de Euros o cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros, de acordo ca definición dada pola Recomendación 2003/361/CE da Comisión de 6 de maio de 2003) ou profesionais autónomos, sempre dentro de un dos seguintes supostos:

Que se trate de proxectos, actividades ou actuacións empresariais iniciados dende o 1 de marzo de 2020 até o 30 de novembro de 2021, que abran establecementos para o exercicio de actividades permanentes e de carácter estable e continuo no Concello de Ames, entendendo por tales as que se establecen en locais en edificios, tanto industriais, profesionais, comerciais ou de servizos.

Que se trate do traslado dunha actividade xa iniciada a un novo local no Concello de Ames. O traslado de local terá que ter sido

iniciado dende o 1 de marzo de 2020 e deberá materializarse antes de que finalice o prazo de xustificación establecido nas presentes bases, é dicir, antes do 30 de novembro de 2021.

A ampliación de empresas que supoñan a apertura de novos establecementos no Concello de Ames, sempre e cando creen novos empregos. A ampliación da empresa a un novo establecemento tamén terá que ter sido iniciada dende o 1 de marzo de 2020 e deberá materializarse antes de que finalice o prazo de xustificación establecido nas presentes bases, é dicir, antes do 30 de novembro de 2021.

Entenderase como data de inicio da actividade a data que figura como data de alta no IAE .

No caso de traslado ou ampliación da actividade o concello comprobará de oficio o inicio o modificación de actividade no departamento de urbanismo.

BASE 6ª. BENEFICIARIOS

6.1. Condición de persoa beneficiaria. Requisitos mínimos.

Terá a consideración de beneficiario da subvención, a persoa que vaia realizar a actividade que fundamente o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión, e con carácter xeral tódalas persoas físicas, ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais ou profesionais que motivan a concesión das subvencións e que teñan o seu domicilio social e fiscal en Ames.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes teñen que estar ao días nas súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda concedida anteriormente polo Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.2. Condicións complementarias. Definición.

As persoas solicitantes que, ademais do cumprimento dos requisitos mínimos, cumpran as seguintes condicións complementarias, poderán optar a un incremento porcentual do importe básico das axudas, tal e como se indica na BASE 8ª:

Persoa desempregada de longa duración: Persoa que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de, polo menos, 360 días durante os 540 días anteriores.

Persoa con discapacidade: persoa que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social: Persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

No caso de que as persoas solicitantes foran sociedades, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo actividades empresariais, a lo menos o 50% dos membros da sociedade terán que cumprir as condicións arriba sinaladas para poder optar ao incremento porcentual do importe básico da axuda que se recolle na base 8ª.

BASE 7ª. LIÑAS DE AXUDA E CONTÍA DAS SUBVENCIONS.

Os promotores de empresas, empresarios e profesionais que reunindo tódolos requisitos necesarios recollidos nestas bases, presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido para elo poderán optar ás seguintes axudas para a creación, traslado e/ou ampliación da empresa:

LIÑA 1. Gastos de inicio da actividade:

Existencias iniciais de mercadorías.

Dereitos de propiedade industrial (patentes, modelos de utilidade, deseño industrial, marcas de produtos ou servizos, nomes comerciais e dominio en Internet).

Axuda básica para tódalas persoas solicitantes desta liña de axudas que cumpran os requisitos mínimos recollidos na base 6ª: 1.000,00 €.

LIÑA 2. Inversión necesaria para a construción, adaptación ou reforma do local no que se desenvolve a actividade.

Inversión necesaria para a construción, adaptación ou reforma do local no que se desenvolve a actividade.

Bens de equipo.

Mobiliario e outros bens de equipo auxiliares.

Adquisición e tratamento de software.

Outras inversións en activos fixos materiais, non incluídas nos apartados anteriores necesarias para o proxecto.

Axuda básica para tódalas persoas solicitantes desta liña de axudas que cumpran os requisitos mínimos recollidos na base 6ª: 3.000,00 €.

LIÑA 3. Inversión necesaria para levar a cabo as obras de reforma, rehabilitación integral ou mellora da superficie destinada ao desenvolvemento da actividade nos locais comerciais que se atopen diáfanos.

Os locais considerados como diáfanos serán aqueles locais sen acondicionar e sen uso previo: carentes de divisións, instalacións, acabados.

Inversión necesaria para a construción, adaptación ou reforma do local no que se desenvolve a actividade.

Bens de equipo.

Mobiliario e outros bens de equipo auxiliares.

Adquisición e tratamento de software.

Outras inversións en activos fixos materiais, non incluídas nos apartados anteriores necesarias para o proxecto.

Axuda básica para tódalas persoas solicitantes desta liña de axudas que cumpran os requisitos mínimos recollidos na base 6ª: 5.000,00 €.

A solicitude de axudas no marco da liña 1 para a creación dunha empresa é compatible coa solicitude de axudas no marco da liña 2 ou 3.

A solicitude de axudas no marco das liñas 2 e 3 é incompatible.

O importe dos gastos e/ou as inversións realizadas deberá ser maior que o importe da axuda solicitada sen IVE.

A contía básica das axudas poderase ver incrementada atendendo ao cumprimento dunha serie de condicións obxectivas das persoas solicitantes e/ ou as actividades empresariais obxecto de subvención:

A contía básica inicial da liña ou liñas solicitadas incrementarase nun 10% polo cumprimento de cada unha das seguintes condicións complementarias que cumpra a persoa solicitante:

- .1 Persoa desempregada de longa duración
- .2 Persoa que sexa o seu primeiro emprego
- .3 Muller
- .4 Persoa afectada por unha discapacidade
- .5 Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

A axuda básica correspondente á liña que se solicite incrementarase en función do número de postos de traballo creados por conta propia ou allea. O incremento será do 5% da contía básica por cada posto de traballo creado ata un total de 10 postos de traballo.

A contía das axudas incrementarase de xeito adicional nun 2% se a persoa solicitante acredita o uso do galego no desenvolvemento da súa actividade.

BASE 8.ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

8.1. Lugar de presentación das solicitudes.

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos. As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Ames, ou na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es>). Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames. Se algunha das entidades presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

8.2. Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para presentar solicitudes será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

8.3. Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo 1	<p>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.</p> <p>Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación, necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos básicos para ser beneficiario das axudas:</p> <p>Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen firma a solicitude (copia da Escritura de constitución ou modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.). No caso de empresas individuais, a solicitude deberá ser presentada e firmada polo traballador/a autónomo. No caso de sociedades civís, comunidade de bens, sociedade mercantís, cooperativas ou sociedades laborais, as solicitudes deberán ser presentadas por estas, e non serán válidas as solicitudes presentadas polos socios, comeneiros a título persoal.</p> <p>Documento que acredite a alta da actividade no período temporal establecido na base 5ª (alta de autónomo, alta IAE, declaración responsable para o exercicio da actividade no seu caso, etc.), ou de modificación de actividade no suposto de traslados, de ampliacións ou de inversións con indicación do tempo no que a actividade se ven</p>
---------	---

	<p>desenvolvendo.</p> <p>Acreditación de ter domicilio fiscal e social no Concello de Ames mediante certificado de situación censal. No caso de aquelas empresas que non estean constituídas no momento da solicitude deberase aportar o certificado de situación censal xunto coa xustificación.</p> <p>Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención, asinada e selada polo Banco.</p> <p>Autorización ao concello de Ames a comprobar as débedas coa AEAT e coa Seguridade Social.</p>
Anexo 2	Declaración responsable asinada polo solicitante

8.4. Tramitación e resolución.

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de promoción económica. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concesión directa, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, e o informe do departamento de promoción económica, acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada. Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- .1 O Concelleiro/a delegado da área
- .2 O Técnico de promoción económica, que actuará igualmente como secretario da comisión.
- .3 Aparellador/a do departamento de urbanismo.

8.5. Valoración das solicitudes.

A concesión das axudas atenderá a criterios obxectivos. Estas serán outorgadas en réxime de concorrencia non competitiva a tódalas persoas que cumpran os requisitos recollidos na base 6ª. O importe da axuda concedida variará en función da liña ou liñas de axuda que se soliciten e o número de requirimentos complementarios cuxo cumprimento se acredite.

O importe a subvencionar será calculado para cada solicitante en función das contías establecidas na base 8ª.

No caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto, experimentaran a correspondente redución proporcional, ata axustárense ao importe máximo da convocatoria. O importe resultante será o incorporado pola Comisión de Valoración á proposta de resolución para a concesión das axudas por persoa beneficiaria.

8.6. Notificación e publicidade da resolución de concesión.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

O acordo de resolución será obxecto de publicación no portal de internet do Concello de Ames (taboleiro de edictos electrónico) e na Base de Datos Nacional de Subvencións no prazo máximo de un mes dende o remate do prazo de presentación das solicitudes; esta publicación proporcionará os efectos da notificación. Conforme ao artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada lei.

O acordo de resolución expresará o obxecto da subvención outorgada (liña 1, liña 2, liña 3), e a contía concedida.

BASE 9ª. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Realizar a actividade e manter o emprego que fundamenta a concesión da subvención durante o período mínimo de permanencia de dezaioito meses establecido na base 10 desta convocatoria, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
3. Estar ao día de pagamento nas obrigas tributarias estatais, da Seguridade Social e do concello de Ames, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes de realizar as correspondentes propostas de pagamento da subvención.

No caso das sociedades civís e comunidades de bens, esta obriga esténdese a todas as persoas socias ou comuneiras.

4. Comunicar ao órgano concedente todas as modificacións das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias.
5. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que financien a actividade subvencionada ou sometida ao réxime de minimis.
6. Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En todo caso, as accións de información e comunicación contarán co logotipo do Concello de Ames, coa referencia a que a actuación está financiada como parte da resposta do Concello de Ames á pandemia da COVID-19. Nos lugares onde se desenvolva a actividade empresarial informárase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A4 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispor dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida Concello de Ames e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

Na sede electrónica do Concello de Ames está dispoñible a información, os emblemas do órgano concedente, así como un modelo coas características do cartel, emblemas e contido de obrigada inclusión.

7. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Ames, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

BASE 10ª. Obriga de permanencia mínima da actividade empresarial

As beneficiarias das axudas teñen a obriga de realizar a actividade empresarial durante un período mínimo de dezaoto meses, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.

BASE 11ª. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

11. 1. Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finalizará o 30 de novembro de 2021, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte.

11. 2. Documentación xustificativa.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da seguinte documentación:

Memoria descritiva da actividade económica iniciada, ampliada ou trasladada, con indicación da data de creación da empresa, a ampliación ou traslado e con indicación tamén do emprego creado (número de postos de traballo), seguindo o modelo do anexo III.

No caso de que a subvención se solicite para a execución de obras (LIÑAS 2 e 3) deberá aportarse, adicionalmente, a seguinte documentación:

Acreditación da titularidade do inmovible sobre o que se efectúan as obras ou contrato de alugueiro do mesmo.

No caso de obras menores: Plano de situación das obras, no que estas queden definidas e descrición valorada das obras realizadas.

No caso de obras maiores: Proxecto asinado por técnico competente, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.

Documentación necesaria para acreditar o cumprimento das condicións complementarias das persoas beneficiarias e actividades obxecto da axuda:

- .1 Persoa desempregada de longa duración: certificado de período de inscrición como demandante de emprego.
- .2 Persoa en situación de primeiro emprego: certificado de vida laboral.
- .3 Persoa afectada por unha discapacidade: Certificado de discapacidade emitido pola administración competente vixente á data da publicación da convocatoria.
- .4 Persoa pertencente a colectivo en risco de exclusión social: certificado de ser perceptor/a da renda de inclusión social de Galicia ou certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da esta situación social vixente á data de publicación da convocatoria.
- .5 Número de postos de traballo creados: informe actualizado de vida laboral de código de conta de cotización ou informe actualizado de traballadores en alta nun código de conta de cotización. No caso de autónomos informe de vida laboral.
- .6 Promoción da lingua galega: De cara a puntuar o criterio de promoción da lingua galega, achegaranse carteis, folletos informativos que se utilicen para publicitar a actividade ou, no seu defecto calquera outro medio que acredite o emprego da lingua galega (páxina web, redes sociais...). Para os efectos da xustificación documental, con carácter xeral presentaranse copia dixitalizada dos documentos.
- .7 Publicidade: Fotografía cartel colocada nun lugar visible, enlace web, etc (segundo modelo anexo IV)

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais ou copias auténticas.

11.3. Tramitación da xustificación.

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informe do Departamento de Promoción Económica acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

11.4. Xustificación extemporánea e perda da subvención.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións. Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

BASE 12ª. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE 13ª. OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

BASE 14ª. RÉXIME SANCIONADOR

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei orgánica 10/85).

BASE 15ª- RECURSOS

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra ela cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

BASE 16ª- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

BASE 17ª- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

-Disposición adicional primeira

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

-Disposición adicional segunda

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas Reactiva Ames, de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
16/09/2021 DC:AFU08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA
16/09/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE009905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21DDE89825E7ABF4B96

NOME:
PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

**ANEXO I. CONVOCATORIA DE AXUDAS REACTIVA AMES
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Datos de identificación da persoa solicitante beneficiaria da subvención

DNI/ CIF:	Nome e apelidos/ Razón Social:
Enderezo Completo:	
Código Postal:	Municipio:
Teléfono:	E-mail:
Nome comercial da empresa/establecemento:	
Enderezo completo da empresa/ establecemento:	
DNI/ CIF:	Nome e apelidos/do representante:

Tendo coñecemento das liñas de axudas Reactiva Ames, convocada polo Concello de Ames, ao abeiro desta convocatoria,

SOLICITO a concesión da axuda básica¹ para a/s liña/s de axuda seguintes:

LIÑA 1. Gastos correntes de inicio da actividade.

Descrición do gasto	
AXUDA BÁSICA SOLICITADA	

LIÑA 2. Inversión necesaria para a construción, adaptación ou reforma do local no que se desenvolve a actividade.

Descrición da inversión	
AXUDA BÁSICA SOLICITADA	

LIÑA 3. Inversión necesaria para levar a cabo as obras de reforma, rehabilitación integral ou mellora da superficie destinada ao desenvolvemento da actividade nos locais comerciais que se atopen diáfanos.

Descrición da inversión	
AXUDA BÁSICA SOLICITADA	

DECLARO cumprir coas seguintes condicións adicionais:

¹As liñas de axuda 2 e 3 son incompatibles entre si. Un mesmo solicitante poderá optar conxuntamente ás liñas 1 e 2, ou ben ás liñas 1 e 3, pero non ás liñas 2 e 3.

Condicións relativas á situación social das persoas promotoras	<i>Sinale con un x o que proceda</i>
<i>Persoa desempregada de longa duración</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Primeiro emprego</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Muller</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Persoa afectada por unha discapacidade maior do 33%</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social</i>	<input type="checkbox"/>

<i>Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea (Indicar o número de postos de traballo creados) no caso de optar a</i>	
---	--

<i>Promoción da lingua galega</i>	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
-----------------------------------	-----------------------------	------------------------------

En, de

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
16/09/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA
16/09/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE009905C3886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21DDE89825E7ABF4B96

**ANEXO II. CONVOCATORIA DE AXUDAS REACTIVA AMES
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____, con DNI
_____ en representación da empresa/empregador _____ con
(NIF/CIF: _____)

Declara responsablemente

Que a persoa solicitante **COÑECE E ACEPTA** as bases da convocatoria Reactiva Ames, promovida polo Concello de Ames e que non está incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública

Que a persoa solicitante ten ao corrente as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.

Que a entidade á que representa a persoa solicitante se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, declara:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade e concepto para o que se solicita esta subvención.

Si se solicitou e ou concedeu outras axudas para mesma finalidade e concepto para o que se solicita a subvencións

CONCEPTO DA AXUDA	S(solicitada) C(concedida) P(presentada)	IMPORTE	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE CONCEDENTE

Que en relación as axudas de minimis, declara:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda de minimis.

Si se solicitou e ou concedeu outras axudas para mesma finalidade e concepto para o que se solicita a subvencións

Así mesmo:

SI autoriza ao Concello de Ames para comprobar en calquera fase do procedemento a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social(en caso de que non autorice deberá achegar a este anexo os certificados indicados.

NON autoriza ao Concello de Ames para comprobar en calquera fase do procedemento a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social(en caso de que non autorice deberá achegar a este anexo os certificados indicados.

En _____, _____ de _____ de 2021.

(Asdo. pola persoa interesada)

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
16/09/2021 DCAFO8587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA
16/09/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D9905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRÁDA QUEIPO, ROSA ANA
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21DDE89825E7ABF4B96

**ANEXO III. CONVOCATORIA DE AXUDAS REACTIVA AMES
XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**

DNI/ CIF:	Nome e apelidos/ Razón Social:
Enderezo Completo:	
Código Postal:	Municipio:
Teléfono:	E-mail:
Nome comercial da empresa/establecemento:	
Enderezo completo da empresa/ establecemento:	

DECLARO:

Que as actividades realizadas, cofinanciadas coa subvención concedida polo Concello de Ames ao abeiro da convocatoria Reactiva Ames, foron as seguintes:

Breve descrición das actividades realizadas:

<p align="center"><i>Memoria descritiva da actividade económica iniciada, ampliada ou trasladada, con indicación da data de creación da empresa, a ampliación ou traslado e con indicación número de postos de traballo creados.</i></p>
--

Que no marco das actividades realizadas arriba relacionadas foron efectuados os seguintes gastos/inversións elixibles no marco da convocatoria Reactiva Ames.

A relación de gastos/inversións subvencionados é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS

Provedor (Denominación e CIF)	Nº de factura	Data de Expedición	Concepto	Importe sen IVE
Total Gastos				

En de de 2021.

(Asdo. polo beneficiario)

ANEXO IV

PLAN REACTIVA: Axudas dirixidas á creación e consolidación de empresas para o mantemento do emprego e do tecido empresarial local.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN: _____ euros

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 16 de setembro de 2021, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo